



CONCELLO DE TEO

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA),

CERTIFICA:

Que na sesión ordinaria do Pleno da Corporación, do 29 de decembro de 2025, deuse conta, entre outros, do seguinte asunto:

2.- DACIÓN DE CONTA DE PERSOAL EVENTUAL.

A sra. alcaldesa da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, preguntando aos grupo municipais se hai algunha cuestión, sen que se produza ningunha intervención ao efecto.

“DACIÓN DE CONTA

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do Concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, a persoa titular da Presidencia da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.



CONCELLO DE TEO

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no Concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con dous postos de traballo de persoal eventual, que son a Secretaria de Alcaldía e a Responsable de prensa e comunicación, asignados aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz”

E para que conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, coa reserva do artigo 206 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Visto e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz